

Lírica

Poemas

Fernando López Casal

VI

O teimado tic
que precede ao teimado tac.
O reloxo que non sabe
de días feireados,
que segue como se o tempo
non fose cousa del,
como se lle viñera imposto
ese traballo de Sísifo,
como se os días lle pediran
espadelar arreo nas horas
como en liño novo.

VIII

A mesma esencia,
o estar único e universal
que guía os pasos e os tropezos,
que move as realidades
idénticas pero distintas
de xentes e seres vivos,
unha única transcendencia
para múltiples cadencias.

XVI

Cando estabamos cansos
de perseguir caracois
sentabamos á doce sombra
da maceira vermella.

Eu sacaba do peto
a navalla de capar grilos
e planaba dúas mazás,
collía unha metade
de cada unha e dábachas,
as outras dúas medias
eran para min.

Así pasabamos os días,
as semanas e os meses
dos grilos e as formigas
hiperactivas.